

# Corenta anos na 'Xistral'

LUIS RODRÍGUEZ

**M**anuel María dicía que nacera na Terra Chá e que pasara a maior parte da súa vida noutra terra chá, en clara referencia ao Val de Lemos, onde viviu corenta anos da súa existencia. Á cidade do Cabe chegou no ano 1958, collendo casa no terceiro piso do número un da Rúa Roberto Baamonde. A súa chegada coincidiu coa consecución dunha praza de procurador dos tribunais.

Ó pouco de instalarse comeza a desenvolver unha importante actividade cultural e política. Crea a editorial *Xistral*, na que, baixo a súa dirección, se inicia a aparición dunha colección poética titulada *Val de Lemos*, na que insiren traballos Celso Emilio Ferreiro, Lois Diéguez, Fiz Vergara

Vilariño, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo ou Xosé Lois García, entre outros.

Ao mesmo tempo, abre unha librería nas Galerías Fontecha, que se encarga de atender a súa dona, Saleta Goy. Foi a primeira en dispor dunha grande cantidade de obras literarias en galego, ademais de ter a concesión na venda de produtos de Sargadelos.

Na *Xistral*, mentres Saleta atendía ao público, Manuel María dedicábase á lectura, a escribir e atender a moitos amigos que se achegaban ata xunto del para conversar; non só de literatura, senón tamén de política. Recibía a todos nunha mesíña colocada entre estanterías, nun pequeno recuncho que parecía fundirse co entorno.

A librería e a súa casa acolleron moitas charlas literarias e discusións sobre o nacionalismo galego. Manuel María chegou a ser concelleiro polo Bloque Nacional-Popular Galego (BN-PG) en Monforte, actuando de voceiro na corporación que presidía Celestino Torres.

A súa andaina activa na vida política deixouna de lado ao pouco tempo para dedicarse á súa verdadeira paixón, a poesía. Monforte foi testemuña da maior parte da súa obra poética, terra á que lle dedicou un cancionero, sen esquecerse de Pantón, Quiroga [onde nacera a súa avoa materna] ou Sober.

Nos últimos anos da súa etapa en Monforte, cidade que abandonou hai uns sete anos para residir na Coruña, ademais de manter as tertulias na *Xistral* e na súa casa, Manuel María dedicábase a pasear coa súa dona pola cidade. Os dous acostumaban a facer un circuíto entre a Rúa Cardenal e A Compañía que percorrían varias veces despois de comer e, cando había bo tempo, tras pecha-lo comercio.

O poeta da Terra Chá é tamén o poeta de Monforte, é un fillo máis desta terra. Iso é o que pensan os habitantes da cidade, pois Manuel María era unha persoa querida e, sobre todo, moi respectada.

Hai un ano regresou a onde viviu durante corenta anos para participar nun acto convocado polo Concello. Tratábase de descubrir unha placa co seu nome nunha rúa que parte de Abeledos e sae á ronda urbana. Non foi a única homenaxe que recibiu, pois hai anos a corporación decidira facelo fillo adoptivo de Monforte.

